

**PROGRAMACIÓN DA ÁREA DE
LINGUA FRANCESA**

(2ª LINGUA ESTRANXEIRA)

CURSO 2009-2010

I.E.S. MARUXA MALLO

ÍNDICE

1.-PROFESORADO

2.-ALUMNADO

2.1 1º ESO, 2º ESO

2.2 3º ESO, 4º ESO

3.-LIBROS DE TEXTO

4.-INTRODUCCIÓN

5.-METODOLOXÍA

6.-DIDÁCTICA DA LINGUA ESTRANXEIRA (COMPETENCIAS)

7.-OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE FRANCÉS

7.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ESO

7.2. OBXECTIVOS DO PRIMEIRO CURSO

7.3. OBXECTIVOS DO SEGUNDO CURSO

7.4. OBXECTIVOS DO TERCEIRO CURSO

7.4. OBXECTIVOS DO CUARTO CURSO

8.-CONTIDOS ESPECÍFICOS DA ÁREA DE FRANCÉS

8.1. CONTIDOS EN PRIMEIRO DE ESO(2ª LINGUA)

8.2. CONTIDOS EN SEGUNDO DE ESO(2ª LINGUA)

8.3. CONTIDOS EN TERCEIRO DE ESO(2ª LINGUA)

8.4. CONTIDOS EN CUARTO DE ESO (2ª LINGUA)

8.1.1. CONTIDOS TRANSVERSAIS EN PRIMEIRO E SEGUNDO DE ESO
(2ª LINGUA)

8.1.2 CONTIDOS TRANSVERSAIS EN TERCEIRO E CUARTO DE ESO(2ª
LINGUA)

9.-CONTIDOS MÍNIMOS

9.1. CONTIDOS MÍNIMOS EN PRIMEIRO DE ESO (2ª LINGUA)

9.2. CONTIDOS MÍNIMOS EN SEGUNDO DE ESO (2ª LINGUA)

9.3. CONTIDOS MÍNIMOS EN TERCEIRO DE ESO (2ª LINGUA)

9.4. CONTIDOS MÍNIMOS EN CUARTO DE ESO (2ª LINGUA)

10.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

11.-A AVALIACIÓN

11.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN PRIMEIRO DE ESO (2ª LINGUA)

11.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN SEGUNDO DE ESO (2ª LINGUA)

11.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN TERCEIRO DE ESO (2ª LINGUA)

11.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN CUARTO DE ESO (2ª LINGUA)

12.-TEMPORALIZACIÓN

13.-A INTERDISCIPLINARIEDADE

14.-ALUMNOS PENDENTES

13.1.Plans de traballo para alumnos con francés pendiente.

15.-ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

16.-FOMENTO DA LECTURA

17.-INTEGRACIÓN DAS TIC

18.-CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

1 . - PROFESORADO

Este curso 2009-2010, o departamento de francés está integrado por:

Dona Sara Fernández Souto, profesora definitiva no Centro e xefa do departamento que imparte 15 horas de francés e 4 horas de biblioteca como responsable de dinamización de biblioteca escolar.

Cursos nos que imparte clase:

- ▶ un grupo de 4º de ESO (3h) con 12 alumnos/as
- ▶ dous grupos de 3º de ESO (4h) cun total de 28 alumnos/as
- ▶ catro grupos de 2º de ESO (8h) cun total de 61 alumnos/as

Dona María Elena Mariño Moure, profesora procedente do departamento de lingua castelá, en comisión de servizos, que imparte 6h en 3 grupos de 1º de ESO.

2 . - ALUMNADO

2.1 1º ESO, 2º ESO

No primeiro ciclo, hai 3 cursos de 1º de ESO (56 alumnos) e 4 de 2º de ESO (64 alumnos).

No mes de outubro realizaranse avaliacións iniciais e determinarase, coa asistencia do departamento de orientación, que alumnos precisan da exención de francés.

Condicións de aprendizaxe

Rapaces de 12 a 14 anos principiantes na aprendizaxe do francés.

- A normativa respecto da aprendizaxe da Segunda Lingua Estranxeira, a razón de dúas horas semanais en cada un dos cursos.
- A non proximidade do Centro de Francia non favorece unha perspectiva funcional da nova lingua, permitindo un uso comunicativo real, senón que a transforma nunha materia escolar máis ou menos afastada das preocupacións vitais do adolescente e grupo.
- A relación entre a lingua materna e o francés: no contexto español e europeo, encontramos vantaxes ó establecer unha relación entre as dúas linguas: termos transparentes, sonoridades próximas, proximidade xeográfica, civilización común, alumnos retornados dun país de fala francesa.
- As experiencias anteriores da aprendizaxe lingüística na lingua materna e na primeira lingua estranxeira aportan unha bagaxe importante que se debe reempregar e que condiciona de entrada a motivación para unha nova aprendizaxe na lingua estranxeira.

- As motivacións para aprender unha lingua estranxeira nesta idade non están en absoluto definidas. A conciencia da utilidade ou necesidade desta aprendizaxe é a miúdo practicamente nula.

Por estas razóns, tratamos de motivar este alumnado cunha práctica inmediata da lingua estranxeira como código de comunicación na clase. A lingua se converte nun medio para coñecerse, expresar emocións, realizar actividades de forma conxunta, divertirse. É tamén un medio privilexiado para xerar habilidades e estimular a curiosidade, a percepción, a reflexión, a aceptación das diferencias,...

O rapaz de 12 a 14 anos é capaz de abstracción pero aínda precisa partir das prácticas sinxelas para entender e sentar as súas reflexións. Ten, sobre todo, necesidade de desenvolver técnicas intelectuais e de estudo, e de aprender a traballar de forma cooperativa e estruturada. Non controla aínda o seu proceso de aprendizaxe, pero xa se pode adestrar para comprender e detectar os seus puntos fortes e febles, utilizar os seus erros como fonte de progreso e empezar a autoavaliarse.

Dentro dos obxectivos xerais de etapa se atopa o reforzar a confianza en si mesmo e na socialización para contribuír a unha transición harmoniosa.

2.2 3º ESO, 4º ESO

No segundo ciclo hai 4 grupos de 3º de ESO(un deles de diversificación) (61 alumnos) e 4 grupos de 4º de ESO(un deles de diversificación) (62 alumnos) dos cales 28 en 3º e 11 en 4º estudan francés como optativa.

Condicións de aprendizaxe

Rapaces de 14 a 16 anos que xa cursaron no primeiro ciclo a aprendizaxe do francés como Segunda Lingua Estranxeira.

- A normativa respecto á aprendizaxe da Segunda Lingua Estranxeira, a razón de dúas horas semanais en 3º e tres horas semanais en 4º.
- As experiencias anteriores de aprendizaxe lingüística na lingua materna e/ou en situacións de linguas de contacto, na primeira lingua estranxeira así como na segunda lingua estranxeira durante o primeiro ciclo aportan unha bagaxe importante para desenvolver estratexias de aprendizaxe autónomo e establecer analogías e complementariedades entre as linguas do currículo.
- As motivacións para aprender unha lingua estranxeira en situación escolar, xa definidas durante o primeiro ciclo, se amplían durante o segundo ciclo coa conciencia da utilidade ou necesidade desta aprendizaxe a través de contactos reais con países francófonos ou adolescentes estudantes de francés doutros países, viaxes, intercambios, correspondencia, utilización do correo electrónico e de internet,...

Por estas razóns, tratamos de motivar este alumnado non só cunha práctica inmediata da lingua estranxeira como código de comunicación na clase senón como práctica real da lingua fora da aula.

A lingua se converte nun medio para coñecerse, expresar emocións, realizar actividades de forma conxunta, estimular a curiosidade, a percepción, a reflexión, a aceptación das diferencias e a comunicación real con falantes desa lingua.

O rapaz de 14 a 16 anos é un adolescente que comeza a ter ideas e valores propios e actitudes persoais.

Nesta idade se produce unha integración social máis forte no grupo de compañeiros e compañeiras, entre tanto, por un lado, comeza o proceso de emancipación respecto á familia. Vive á vez dous procesos contraditorios, o de elaborar a súa propia identidade e a necesidade de vivir experiencias inéditas cara o exterior.

A nivel intelectual necesita consolidar o pensamento abstracto, o razoamento lóxico, desenvolver estratexias para a resolución de problemas, desenvolver métodos para ordenar, relacionar e asimilar a información e iniciarse no pensamento crítico.

O obxectivo primordial nesta etapa é o de propulsar a autonomía dos alumnos, non só nos aspectos cognitivos ou intelectuais, senón tamén no seu desenvolvemento social e moral.

3.-LIBROS DE TEXTO

2ª lingua estranxeira

1º de ESO: Énergie 1, libro e caderno de exercicios, editorial Santillana.

2º de ESO: Énergie 2, libro e caderno de exercicios, editorial Santillana

e material facilitado polo profesor.

3º de ESO: Énergie 3, libro e caderno de exercicios, editorial Santillana

4º de ESO: Énergie 3, libro e caderno de exercicios, editorial Santillana,

4.-INTRODUCCIÓN

Ademais da forte demanda social existente para que a educación obrigatoria proporcione aos alumnos unha competencia educativa nalgunha lingua estranxeira, existen outras razóns de tipo educativo que se basean na aportación que esta área realiza aos obxectivos educativos xerais.

Así, por exemplo:

-A capacidade de comunicación nunha lingua estranxeira e o coñecemento da mesma, proporcionan unha axuda considerable para unha mellor comprensión e dominio da lingua propia.

-Entrar en contacto con outras culturas, a través da canle da lingua, favorece a comprensión e o respecto cara a outras formas de pensar e actuar, proporcionando tamén unha visión máis ampla e rica da realidade.

O enfoque que se adoptará é un enfoque baseado na comunicación e orientado á adquisición dunha competencia comunicativa. Esta competencia inclúe diferentes subcompetencias:

- A competencia gramatical.
- A competencia discursiva.
- A competencia sociolingüística.
- A competencia estratéxica.
- A competencia sociocultural.

Polo que se refire á progresión da aprendizaxe dunha lingua estranxeira, hai que decir que esta non se produce de forma lineal, senón máis ben de forma global. O progreso consiste en ir completando, matizando e enriquecendo progresivamente esta apreensión global do novo sistema de comunicación.

Nun proceso deste tipo, o "erro" non debe ser visto negativamente; deberá ser considerado como un indicador fundamental para o establecemento dunha progresión.

Polo que se refire ao desenvolvemento das destrezas lingüísticas (ler, escribir, escoitar e falar), non deben ser abordadas de maneira illada, senón que deben contemplarse dentro dun proceso integrador.

Ademais do enfoque funcional na aprendizaxe dunha lingua estranxeira, hai que considerar que a lingua é expresión de toda unha cultura. Por tanto, a ensinanza dunha lingua estranxeira debe introducir os alumnos nas características máis relevantes do contexto social e cultural.

Desta maneira toma pleno sentido a función educativa da lingua estranxeira na ensinanza obrigatoria, pois permite abrir os alumnos a outras formas de entender a realidade, enriquece o seu mundo cultural e favorece o desenvolvemento de actitudes de relativización e de tolerancia.

O conxunto da ESO ten como fin proporcionarlles aos alumnos unha formación básica que lles capacite plenamente como cidadáns responsables dos seus dereitos e deberes. Neste senso, a ensinanza das linguas estranxeiras durante esta etapa deberá centrarse, ademais, nunha formación básica, que sirva para satisfacer as necesidades de comunicación na lingua estranxeira estudada, converténdose en alicerce para profundizar nunha posterior aprendizaxe especializada da mesma.

5.- METODOLOXÍA

A inclusión deste punto na programación, non ten outro valor que o dunha serie de recomendacións metodolóxicas para o ensino de linguas estranxeiras.

Non se pretende presentar unha metodoloxía en especial como a única acertada posto que todas en xeral tenden a optimizar os procesos de aprendizaxe, resultado esperado nos procesos de ensino.

Investigadores, teóricos e docentes están de acordo en sinalar algunhas das características que fan que certas prácticas pedagóxicas sexan máis acertadas que outras para facilitar a aprendizaxe da lingua estranxeira. A partir da experiencia destes profesionais, concluímos que as metodoloxías para traballar con nenos e adolescentes son mais efectivas se presentan as seguintes características

Metodoloxías activas e interactivas que teñen en conta o factor lúdico.

A metodoloxía activa e interactiva permite aprender cando se participa en actividades nas que o obxectivo principal non é mostrar ou exemplificar o funcionamento de estruturas gramaticais senón realizar accións na lingua estranxeira para comunicarse activamente tanto na aula como nas circunstancias do entorno que o requiran. Desta maneira propíciáanse procesos de socialización e de construción do coñecemento e constrúense nexos cos demais, o que permite desenvolver a tolerancia, o respecto, a solidariedade e aprecio por eles mesmos e polos outros seres humanos.

O factor lúdico é un elemento de gran importancia na vida do estudante porque establece unha conexión entre as súas actividades usuais na casa e na veciñanza coas que se desenvolven na aula. As actividades lúdicas teñen a vantaxe de posuír esquemas coñecidos de antemán polos alumnos e alumnas e proporcionan un cadro familiar para desenvolver a nova aprendizaxe. Tamén permiten a creación dun contexto compartido e recoñecido por todos que permite os alumnos a ancoraxe de novos elementos en algo que xa dominan.

Actividades interesantes e significativas centradas no alumno.

Dende o momento en que convertemos ao alumno no centro da aprendizaxe é lóxico que as actividades seleccionadas para o ensino-aprendizaxe reflectan os seus intereses e necesidades ; deste xeito terán que ser significativas para eles e relacionaranse con experiencias concretas da súa vida cotiá.

Actividades que permiten o desenvolvemento potencial de cada alumno

Co fin de permitir o desenvolvemento potencial do estudante, as actividades deben ser axeitadas ás diferentes idades e niveis.

As actividades seleccionadas para fomentar o proceso de aprendizaxe de linguas estranxeiras deben desenvolver un sistema de apoio ou estadame que permita que estas poidan ser organizadas de xeito secuencial. A explotación pedagóxica das actividades escollidas esixe ter en conta o estado de desenvolvemento cognoscitivo e lingüístico na lingua materna dos aprendices e as contribucións dos adultos (docentes e/ou familia).

Dentro deste proceso, o ensinante asume un papel orientador, usando estratexias que permitan ao estudante o descubrimento dos seus propios medios e estilos de aprendizaxe. Estas estratexias deben ter en conta a formación e desenvolvemento integral do adolescente e permitirlle facer, sentir, observar, reflexionar, descubrir, organizar, supoñer, verificar, decidir, resolver, propoñer e sobre todo responsabilizarse das súas accións na medida do posible.

Metodoloxías que integren o coñecido co novo

Como parte do proceso metodolóxico pódese incluír un elemento de reflexión no que o adolescente sexa conducido periodicamente a unha síntese persoal do que está aprendendo. Este proceso de reflexión está orientado a facelo consciente da relación que hai entre o que está aprendendo e o que xa sabe.

No contexto da aprendizaxe dunha lingua estranxeira, o que o adolescente coñece é o uso da súa propia lingua ; débese entón considerar a lingua materna como un recurso valioso para facilitar o acceso a lingua estranxeira.

Metodoloxías flexibles.

As metodoloxías flexibles permiten ao estudante o uso das súas estratexias de aprendizaxe sen as rixideces extremas dalgunhas metodoloxías tradicionais e ofrecen ao docente unha variedade de actividades e a selección de técnicas e procedementos axeitados para cada caso. Unha escolla informada, baseada no coñecemento dos principios pedagóxicos e metodolóxicos, permite ao docente exercer un eclecticismo positivo e benéfico para o seu labor que integra o mellor de cada enfoque ou método proposto.

Metodoloxías ricas en contidos culturais.

A lingua e a cultura son elementos inseparables. O uso de metodoloxías que faciliten o achegamento das culturas asociadas coas linguas estranxeiras, é moi importante, xa que as linguas son a mellor ventá as culturas dos pobos que as falan. A familiaridade coa cultura estranxeira permite unha máis xusta valoración da propia, pero tamén a comprensión, o respecto, o aprecio e a tolerancia pola cultura foránea.

Metodoloxías que valoran os factores afectivos.

Tendo en conta o papel primordial que xoga a afectividade no desenvolvemento da persoa, é importante a creación dun ambiente que permita a igualdade de condicións para alumnos e alumnas que lles infunda confianza e cree as condicións apropiadas para que adquiran progresivamente autonomía e creatividade na lingua estranxeira.

6.- DIDÁCTICA DA LINGUA ESTRANXEIRA (COMPETENCIAS)

Dende a incorporación a **evolución actual** da didáctica das linguas estranxeiras.

O ensinante tentará de potenciar no alumno/a a capacidade de interactuar nas situacións das habilidades do uso oral da lingua: *escoitar, falar, conversar*, así como as habilidades *ler e escribir*, e potencia tanto as **destrezas produtivas** coma **as receptivas**, dando á comprensión un lugar relevante (escoitar e comprender, ler e comprender).

O Real Decreto sobre Ensinanzas Mínimas identifica oito competencias básicas no seu Anexo I:

1. Competencia en comunicación lingüística
2. Competencia matemática
3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico
4. Tratamento da información e competencia dixital
5. Competencia social e cidadá
6. Competencia cultural e artística
7. Competencia para aprender a aprender
8. Autonomía e iniciativa persoal.

Neste sentido:

1. Os métodos dividen a lingua, como é habitual, en **progresións nas 4 competencias**: a comprensión oral e escrita, a expresión oral e escrita, pero incorporan desde o comezo o **cruzamento destas competencias** á vez que manteñen o seu carácter específico, deixando así ao profesor a elección de insistir máis ou menos nunha competencia determinada.

Esta característica vencella o método empregados(*Énergie*) á competencia en comunicación lingüística.

2. Nos niveis máis baixos da aprendizaxe dáse prioridade á **comprensión** oral e escrita en relación coa expresión, para crear unha bagaxe importante de coñecementos pasivos na lingua oral e na lingua escrita que faciliten un avance máis rápido.

Xunto coa competencia en comunicación lingüística, aquí desenvólvese a competencia para aprender a aprender, con habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo.

3. Utilízase a aprendizaxe por «**tarefas**» para integrar e sintetizar as diversas competencias, en relación cunhas actitudes e uns valores como a cooperación, e no marco dunha aproximación comunicativa.

Desenvólvense aquí dúas competencias: **competencia para aprender a aprender**, ter conciencia das propias capacidades e ser quen de cooperar, ademais da **competencia social**: coñecerse e valorarse, expresar as propias ideas e escoitar as alleas.

4. Realízanse uns exercicios de **reflexión** colectiva e individual sobre os diversos niveis de funcionamento da lingua estranxeira, sobre a gramática, o paso da lingua escrita á oral, etc., e invitase á comparación co funcionamento das linguas que os alumnos coñecen.

Igualmente aquí contéplase a competencia en **comunicación lingüística**, e este punto incide especialmente no estudo dos elementos constitutivos da lingua, o seu funcionamento e relación.

5. Insistir na aprendizaxe en **espirais** sucesivas. A integración dos coñecementos novos cos xa aprendidos (sínteses sucesivas de lección en lección e sínteses de sínteses) permite unha mellora **rápida e segura** da aprendizaxe.

O alumno entra nun proceso de pensamento lóxico, de dedución - indución, moi relacionado coa **competencia matemática**, para a obtención de datos e solución de problemas.

6. Faise ver ao alumno que progresa rapidamente confrontándoo cuns **bilans regulares** e unhas **auto-avaliacións** en todas as competencias. Especialmente -no nivel 1 daranse desde o comezo unhas bases esenciais para que o alumno sexa autónomo o antes posible desde o punto vista da **comprensión escrita** ; o **paso do escrito ao oral** farase o máis pronto posible para que o alumno aproveite oralmente o que aprende lendo. A lectura en voz alta baixo todas as súas formas é pois un exercicio clave desde o comezo.

Neste caso desenvólvese a **competencia de aprender a aprender**, á vez que a **autonomía e iniciativa persoal**. Foméntanse as habilidades para obter información, a proposta de metas, a perseveranza, a autocrítica, a aprendizaxe partindo do recoñecemento do erro.

7. Os métodos seleccionados tamén teñen en conta a evolución da **Internet**, o uso xa habitual do **correo electrónico** e da ensinanza **a distancia** aplicada á ensinanza das linguas estranxeiras, que dan ao alumno unhas posibilidades **de autoaprendizaxe** individual, oral e escrita (en varios niveis) e unha capacidade ilimitada de consulta.

A utilización das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) fan que o alumno desenvolva habilidades para obter información que transformará despois en coñecemento e comunicación: **tratamento da información e competencia dixital**.

8. En función dos **cambios xeracionais** actuais e da necesidade de esixir seriedade e calidade aos estudantes de secundaria (gusto polo esforzo, constancia, observación, concentración, etc.), propóranse traballos específicos sobre os valores individuais e sociais (igualdade, ética, cooperación, protección da natureza e outros), a través da elección dos textos e da metodoloxía.

Poténcianse aquí varias competencias referidas tanto a valores sociais (**competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística**), coma a valores individuais (aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal).

7.-OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE FRANCÉS

1. Contribuír ao desenvolvemento da personalidade do alumno.
2. Capacitar ao alumno mediante a adquisición das habilidades básicas receptoras e produtivas, tanto da lingua oral como escrita.
3. Promover o achegamento entre a cultura francesa e a do noso país. Transmitir unha imaxe auténtica dela e colaborar coa destrución de tópicos e prexuízos.
4. Colaborar no desenvolvemento de actitudes positivas ante o pluralismo cultural e lingüístico.
5. Fomentar a comprensión e a aceptación da existencia de aspectos propios de cada sociedade e de escalas de valores diferentes das propias.
6. Facerlle descubrir ao alumno o positivo do feito de iniciar e manter relacións con outras culturas e sociedades partindo do mutuo respecto.
7. Para acadar estes obxectivos, como xa se describiu máis arriba, eliximos en todos os niveis unha metodoloxía que ten en conta as modificacións fundamentais aparecidas durante os últimos anos na pedagogía das linguas estranxeiras. Trátase de proporcionar ao alumno un instrumento de traballo que lle permita aprender a lingua francesa dunha maneira áxil, segura e eficaz.

7.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ESO

A ensinanza da lingua estranxeira nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

2. Expresarse e interactuar oralmente en situacións de comunicación de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.
3. Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado coa finalidade de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
4. Escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas empregando recursos axeitados de cohesión e coherencia.
5. Utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
6. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe, e transferir á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
7. Utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e a comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.
8. Apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.
9. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
10. Manifestar unha actitude receptiva e de auto-confianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

O nivel de complexidade para acadar estes obxectivos irase incrementando conforme o alumno ou alumna vaia avanzando no estudio da lingua que se configura ao longo dos catro cursos da ESO. Terase en conta que a consecución de ditos obxectivos é independente en cada curso aínda que a dificultade das mensaxes producidas de xeito oral ou escrito e comprendidas por medio da escoita ou da lectura será diferente segundo o nivel. Este feito debe terse en conta en todos os cursos da ESO, pero máis aínda en 3º e 4º dado o carácter “opcional” da materia.

7.2. OBXECTIVOS DO PRIMEIRO CURSO

1. Identificar a información global e específica en mensaxes orais emitidas por casetes, vídeos, etc, en que se produzan situacións de comunicación previamente traballadas, que lle resulten familiares ao alumno, así como tamén en textos escritos moi sinxelos e de extensión limitada (descritivos) anticipando o significado dalgúns elementos a través do contexto.
2. Participar en conversas moi sinxelas empregando fórmulas básicas de interacción social e de situacións coñecidas podendo cometer algún erro que non impida a comunicación nas relacións sociais.
3. Ler individualmente textos escritos adaptados ao seu nivel coa axuda do dicionario para obter información, xa sexa global ou específica con finalidades diversas asentando as estratexias para unha futura aprendizaxe máis complexa. Os textos deben conter apoio gráfico con información redundante que facilite a súa comprensión.
4. Elaborar textos curtos e sinxelos tales como notas persoais, cartas, invitacións, felicitacións, pequenas enquisas, facendo uso adecuado dos elementos básicos de cohesión, así como dos signos de puntuación logrando que sexan comprensibles para ao lector.
5. Tomar conciencia e manifestar na práctica o coñecemento dos aspectos básicos da lingua estranxeira a través de actividades sinxelas do seu funcionamento no discurso oral e escrito: nocións, funcións, elementos morfolóxicos, sintácticos, fonolóxicos e

léxicos máis habituais e elementais aplicados a situacións de comunicacións habituais en tarefas de expresión oral e escrita.

6. Inducir a partir da observación de regularidades e mediante actividades as estruturas básicas do idioma e aplicar procesos de indución e dedución sobre eles.
7. Establecer relacións entre funcións da linguaxe, conceptos gramaticais e expoñentes lingüísticos.
8. Comezar a empregar termos lingüísticos básicos para referirse a elementos gramaticais a través de actividades de aula e reflexionar sobre eles.
9. Recoñecer de forma contextualizada aspectos relevantes dos países da lingua estranxeira nos textos orais ou escritos con que se traballa.
10. Recoñecer os rexistros, as variedades, as fórmulas, os estilos dos interlocutores e a intencionalidade das situacións máis habituais de comunicación.
11. Identificar as peculiaridades, costumes e tradicións máis características dos países onde se fala a lingua estranxeira e contrastalas coas que se transmiten no propio país.

7.3 OBXECTIVOS DO SEGUNDO CURSO

Se retomarán os obxectivos do primeiro curso, engadindo e potenciando os seguintes:

1. Repasar e reforzar o adquirido.
2. Identificar a información global e específica en textos orais (conversacións, exposicións breves e diálogos) sobre temas que lle resulten familiares ao alumno, así como tamén en textos escritos sinxelos e de extensión limitada (descritivos e narrativos), sendo capaz de anticipar o significado dalgúns elementos a través do contexto.
3. Participar en intercambios orais breves, relativos a situacións coñecidas, empregar unha lingua sinxela e incorporar expresións comúns nas relacións sociais.
4. Ler individualmente, utilizando o dicionario con eficacia, textos con apoio visual e libros sinxelos para xoves, demostrando a comprensión por medio dunha tarefa específica.
5. Redactar mensaxes curtas e sinxelas sobre temas cotiáns utilizando os conectores e o léxico apropiados e que sexan comprensibles para o lector. Prestarase atención aos pasos seguidos para mellorar a produción escrita.
6. Manifestar na práctica o coñecemento dos aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía) tanto a través de actividades contextualizadas sobre puntos concretos como pola súa correcta utilización nas tarefas de expresión oral e escrita.
7. Inducir regras de funcionamento da lingua estranxeira a partir da observación de regularidades e aplicar proceso de dedución e indución de forma alternativa.
8. Establecer relacións entre funcións da linguaxe, conceptos gramaticais e expoñentes lingüísticos.
9. Utilizar termos lingüísticos básicos para referirse a elementos gramaticais tanto nos procesos de uso como de reflexión sobre eles.
10. Recoñecer os elementos socioculturais que se presenten de forma explícita ou implícita nos textos con que se traballa e identificar informacións culturais.
11. Usar rexistros, variedades, fórmulas e estilos adecuados á situación de comunicación, ao interlocutor e a súa intencionalidade comunicativa.
12. Utilizar o coñecemento dos aspectos socioculturais que transmite a lingua estranxeira como contraste cos propios

7.4 OBXECTIVOS DO TERCEIRO CURSO

1. Comprender situacións e mensaxes orais na lingua estándar relacionadas coa vida cotiá e con temas de interese próximos ós alumnos.
2. Producir de forma intelixible mensaxes orais en relación con situacións da vida cotiá e dun contorno próximos ó alumnado.
3. Identificar actitudes e estados de ánimo en mensaxes orais e intencións en mensaxes escritos.
4. Utilizar recursos lingüísticos e non lingüísticos para ampliar tanto a comprensión oral como escrita.
5. Establecer as correspondencias básicas entre a lingua oral e a escrita para poder pasar dun código ó outro sen dificultade.
6. Comprender as ideas esenciais e as informacións específicas dun texto escrito accesible ós coñecementos do alumnado (extractos de prensa xuvenil, cómics, poemas,...).
7. Comprender e producir descrições e relatos tanto de forma oral como escrita.
8. Producir textos creativos a partir de pautas.
9. Deducir e inducir normas gramaticais a través da observación de feitos lingüísticos orais e escritos.
10. Utilizar adecuadamente as fórmulas sociais básicas da lingua na expresión oral e escrita.
11. Comunicar necesidades e sentimentos básicos (acordo/desacordo, oposición, dúbida, preocupación, lelicia, etc.).
12. Producir mensaxes escritas en situacións verosímiles ou reais: correspondencia privada, cuestionarios ou formularios, e-mail.
13. Utilizar a experiencia da aprendizaxe doutras linguas e transferila para render na aprendizaxe do francés.
14. Reflexionar sobre as técnicas e estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
15. Medir os progresos en lingua estranxeira e recoñecer as propias capacidades.
16. Utilizar con eficacia o material de aprendizaxe procedente de diversas fontes (audio, vídeo, escrito, informático,...) para resolver problemas de comprensión e expresión.
17. Traballar en grupo de modo cooperativo e organizado.
18. Participar activamente nas actividades na aula empregando o francés como vehículo de comunicación.
19. Demostrar unha actitude aberta, curiosidade e interese por comunicarse en lingua estranxeira.
20. Aceptar a deferencia e manifestar unha actitude de interese e respecto cara outros pobos e culturas e outras maneiras de entender a vida e o mundo.
21. Desenvolver unha actitude crítica cara a información, as opinións, as hipóteses, os modelos e os estereotipos presentados.

7.5. OBXECTIVOS DO CUARTO CURSO

Retomaranse os obxectivos do terceiro curso, engadindo ou potenciando os seguintes:

1. Repasar e reforzar o adquirido.
2. Ampliar a competencia comunicativa oral e escrita integrando os elementos adquiridos, experimentando e desenvolvendo a propia creatividade.
3. Utilizar o francés como lingua de comunicación exclusiva dentro da aula.
4. Facilitar a participación en intercambios e conversacións propios de situacións reais: viaxes, encontros con xente que fale a lingua estranxeira.
5. Comunicar necesidades e sentimentos oralmente e por escrito.

6. Comprender textos procedentes dos medios de comunicación, literatura e prensa xuvenil, accesibles ós alumnos polo seu grao de dificultade, temática e interese.
7. Dominar a estrutura básica da frase e construír textos creativos comprensibles.
8. Reflexionar sobre os sistemas orais e escritos da lingua e sacar conclusións.
9. Identificar e interpretar actitudes e intencionalidade nas mensaxes orais e escritas.
10. Realizar e avaliar traballos en grupo de xeito organizado, planificado e cooperativo.
11. Apreciar o valor do coñecemento da lingua estranxeira para os estudos e traballos futuros.
12. Saber autoavaliar os propios progresos no proceso de aprendizaxe, integrar o erro como fonte de información e planificar os obxectivos a acadar.
13. Mostrar sensibilidade e curiosidade cara a cultura e sociedade francófona.
14. Globalizar e sintetizar os coñecementos, procedementos e actitudes adquiridos durante a etapa.

8.-CONTIDOS ESPECÍFICOS DA ÁREA DE FRANCÉS

8.1. CONTIDOS EN PRIMEIRO DE ESO (2ª LINGUA)

Bloque 1. escoitar e falar

1. Comprensión de mensaxes orais sinxelas e básicas para realizar actividades da aula
2. Comprensión de textos orais sinxelos gravados ou en diferentes soportes multimedia, conectados cos seus intereses e apoiados con imaxes, sons e xestos.
3. Achegamento a aspectos elementais fonéticos, do ritmo, acentuación e entoación da nova lingua.
4. Participación con actitude de colaboración en situacións de comunicación sinxela e básicas, reais ou simuladas, seguindo modelos e empregando respostas verbais ou non verbais.
5. Memorización de producións orais breves significativas (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención...).
6. Interese por empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación (saúdo, despedida, presentacións, felicitación ás persoas da aula nos seus aniversarios, expresións básicas de estados de ánimo...).
7. Utilización das estratexias básicas que favorecen a comprensión oral: uso do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.
8. Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a persoas doutras culturas.

9. Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas.
10. Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social en lingua estranxeira.

Bloque 2. ler e escribir.

1. Asociación e identificación de grafía, pronuncia, fonema e significado a partir de modelos escritos, de imaxes, con palabras coñecidas e relacionadas con temas próximos ao alumnado, e situacións contextualizadas empregando diferentes recursos visuais e informáticos.
2. Lectura e comprensión de diferentes mensaxes, (tiras de banda deseñada, karaoke, menús, instrucións dun xogo, mensaxes de correo electrónico, xogos de pistas, anuncios publicitarios) e adaptadas á súa competencia lingüística, en soporte papel e dixital, para utilizar información global e específica no desenvolvemento dunha tarefa ou polo pracer da lectura.
3. Escritura de palabras e enunciados moi sinxelos e coñecidos previamente en producións orais utilizando distintos medios (xogos visuais e informáticos nos que o alumnado teña que formar palabras e asocialas con imaxes, modelos, textos para completar) coa intención de compartir información ou cunha intención lúdica e/ou funcional.
4. Uso de programas informáticos educativos para ler, escribir e presentar mensaxes sinxelas.
5. Interese polo coidado na presentación dos textos escritos.
6. Valoración positiva dos textos escritos propios e os do resto das persoas da aula, colaborando na súa produción e exposición e integrando estas na rutina diaria (carteis, calendario, cartafol colectivo).
7. Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información co fin de realizar tarefas individuais ou en grupo.

Bloque 3. Coñecementos da lingua

Coñecementos lingüísticos

1. Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua como o substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, preposición, e conectores básicos de adición “e, ou, tamén...”.
2. Identificación e uso de expresións comúns, de frases feitas sinxelas relativas ao saúdo, á despedida, ás presentacións, aos parabens de aniversario, e de léxico relativo a contextos concretos e cotiáns de prioridade inmediata (información persoal básica, material e instrucións de aula, materiais escolares, actividades de lecer, trazos básicos físicos e de personalidade)
3. Identificación de antónimos básicos e de uso habitual.
4. Uso de estruturas lingüísticas e funcións comunicativas básicas relacionadas con situacións cotiás.

5. Identificación de sons e grafías de fonemas e produción de trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización)
6. Recoñecemento e produción comprensible de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.
7. Soletreo do nome, enderezo, nacionalidade e outros datos persoais

Reflexión sobre a aprendizaxe

1. Aplicación de estratexias básicas para organizar, adquirir, recordar e utilizar léxico.
2. Uso guiado de estratexias que permiten a adquisición de novos coñecementos e a súa integración na propia competencia: observación, repetición, memorización utilizando estratexias de agrupación léxica, imaxes e representacións visuais de sons.
3. Uso de estratexias para producir mensaxes adecuadamente : repetición por imitación e recoñecemento e uso de modelos da lingua estranxeira.
4. Reflexión guiada sobre o uso e o significado das formas gramaticais axeitadas a distintas intencións comunicativas.
5. Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección das producións orais e escritas propias.
6. Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva para superalo.
7. Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
8. Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fora dela.
9. Participación activa e cooperativa en actividades e traballos grupais.
10. Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita.

Bloque 4. Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

1. Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación na aula, ou con persoas doutras culturas.
2. Identificación dos principais costumes e trazos da vida cotiá propios doutros países e culturas onde se fala a lingua estranxeira.
3. Comparación de aspectos da vida cotiá dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, evitando os estereotipos.
4. Uso de fórmulas de cortesía axeitadas nos intercambios sociais.
5. Coñecemento de trazos moi básicos dos países da unión europea e identificación das linguas que se falan neles.
6. Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.

7. Toma de conciencia da diversidade lingüística e cultural europea e aceptación da propia pertenza a esta, evitando actitudes etnocéntricas.

8.2. CONTIDOS EN SEGUNDO DE ESO (2ª LINGUA)

Bloque 1. escoitar e falar

1. Comprensión de mensaxes orais de progresiva complexidade para realizar actividades da aula.
2. Comprensión de textos orais de dificultade crecente -diálogos, anuncios, información meteorolóxica localización dunha persoa, obxecto ou lugar- conectados cos seus intereses en soporte audiovisual e multimedia, para extraer información global e algunha específica.
3. Identificación e dominio progresivo de aspectos fonéticos, do ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión e a produción oral.
4. Participación en situacións de comunicación reais ou simuladas (conversas telefónicas, peticións, autopresentación e presentación doutras persoas, compravenda, identificación e localización de persoas, obxectos e lugares) dando respostas verbais e non verbais que supoñan unha elección entre un repertorio cada vez máis amplo de posibilidades, en contextos progresivamente menos dirixidos.
5. Utilización das convencións propias do proceso comunicativo: prestar atención á persoa que fala, quendas de palabra, contacto visual, actitude positiva e adecuación da resposta á intervención das outras persoas.
6. Utilización das estratexias básicas para apoiar a comprensión e expresión oral: uso do contexto visual e non-verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira e solicitando repeticións para asegurar a comprensión.
7. Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas.

Bloque 2. ler e escribir.

1. Asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas e consolidación das asociacións grafía-son das mensaxes empregadas en situacións funcionais de comunicación.
2. Lectura e comprensión de diferentes mensaxes significativas (entrevistas de personaxes de interese, bitácoras, instrucións dun novo xogo, mensaxes de correo, narración dun suceso, historias curtas....) en soporte papel e dixital, adaptadas á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa ou proxecto ou para gozar da lectura.

3. Comprensión xeral e identificación de informacións específicas, solicitadas previamente, en diferentes tipos de textos sinxelos auténticos e adaptados, en soporte papel e dixital, sobre diversos temas axeitados á súa idade, que vehiculen aspectos socioculturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
4. Uso guiado de estratexias de lectura (utilización das imaxes, títulos e outras informacións visuais e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación transferidos desde as linguas que coñece o alumnado), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabra e expresións non coñecidas.
5. Lectura expresiva e escritura de textos propios de situacións cotiás, próximas como invitacións, felicitacións, notas, avisos billetes de transporte, entradas etiquetas, xogos.
6. Composición de textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados moi coñecidos oralmente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da vida diaria.
7. Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación para ler e transmitir información (webs, programas multimedia, correo electrónico)
8. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos valorando o sentido estético dos mesmos.
9. Interese por cooperar na utilización da lingua estranxeira na súa forma escrita na aula, por expoñela como recordatorio visual e para a aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e espazos da aula, calendario, normas de xogos...)
10. Iniciación ao coñecemento e uso das estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda.

Bloque 3. Coñecementos da lingua

Coñecementos lingüísticos

1. Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua como o substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, preposición, e conectores básicos de adición “*e, ou, tamén...*”, enumeración e clasificación “*en primeiro lugar, a continuación, logo, finalmente*”.
2. Identificación e uso de expresións comúns, de frases feitas sinxelas relativas ao tempo meteorolóxico, gustos, localización espazo-temporal, lugares e de léxico relativo a contextos concretos e cotiás de prioridade inmediata (comida, e bebida, actividades cotiás e de lecer, o corpo e o estado físico...).
3. Identificación de antónimos básicos e de uso habitual.
4. Recoñecemento e pronuncia intelixible de fonemas básicos.
5. Recoñecemento e produción comprensible de patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

Reflexión sobre a aprendizaxe

1. Aplicación de estratexias para organizar, adquirir, recordar e utilizar léxico.
2. Uso de estratexias que permiten a adquisición de novos coñecementos e a súa integración na propia competencia: memorización, identificación de necesidades, inferencia.
3. Uso de estratexias para producir mensaxes adecuadamente : repetición por imitación e recoñecemento e uso de modelos da lingua estranxeira.
4. Uso de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación.
5. Reflexión sobre o uso e o significado das formas gramaticais axeitadas a distintas intencións comunicativas.
6. Participación en actividades de avaliación compartida, na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección.
7. Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
8. Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fora dela.
9. Participación activa e cooperativa en actividades e traballos de grupo.
10. Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita.

Bloque 4. Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

1. Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación internacional.
2. Identificación e respecto cara aos costumes e trazos da vida cotiá propios doutros países e culturas onde se fala a lingua estranxeira respecto a patróns culturais existentes en Galicia.
3. Iniciación á competencia intercultural mediante a identificación de aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira coas culturas do alumnado, se é o caso, analizándoos comparativamente, evitando os estereotipos e incidindo nos trazos característicos da cultura galega.
4. Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.
5. Respetto pola cultura da lingua estranxeira en comparación coa galega, acadando unha consciencia intercultural que supere os estereotipos.
6. Toma de conciencia da diversidade lingüística e cultural europea e aceptación da propia pertenza a esta, evitando actitudes etnocéntricas.

8.3. CONTIDOS EN TERCEIRO DE ESO (2ª LINGUA)

Bloque 1. escoitar e falar

1. Comprensión global e específica de textos orais auténticos ou pedagóxicos de progresiva complexidade articulados con claridade e ritmo pausado e acentuación estándar relacionados coas actividades propias da aula, cos intereses dos rapaces e das rapazas, e cos seus sentimentos, desexos e gustos (entrevistas a persoas coñecidas, sucesos, relato da vida diaria de compañeiros/as e de persoas doutras culturas)
2. Interese pola pronuncia coidada, ritmo, entoación e acentuación adecuadas como aspectos fundamentais para a comprensión e a produción oral.
3. Participación activa en situacións cotiás sinxelas de comunicación espontáneas, relacionadas coas actividades de aula, e planificadas (decidir sobre un asunto, facer peticións, organizar a actividade, traballar en equipo, pedir aclaracións ou axuda, expoñer un tema...), respectando e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.
4. Participación nas situacións de comunicación con pronuncia en entoación axeitadas para conseguir a comunicación, e colaborando co seu interlocutor para facilitarlle a comprensión, utilizando adecuadamente os conectores lóxicos, temporais, de causa e de comezo e peche do discurso.
5. Confianza no uso das estratexias básicas para apoiar a comprensión e expresión oral: uso do contexto visual e non-verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira, e solicitando repeticións e reformulacións para asegurar a comprensión.
6. Interese por empregar a lingua estranxeira e por aprender o seu uso en novas situacións de comunicación de progresiva complexidade, atendendo á corrección e á adecuación das expresións.
7. Valoración das actividades realizadas fóra da aula nas que a lingua empregada sexa a lingua estranxeira.
8. Valoración das linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información, e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes
9. Actitude crítica ante as desigualdades amosadas nas mensaxes procedentes dos diferentes medios de comunicación social, audiovisuais e multimedia.

Bloque 2. ler e escribir.

1. Comprensión de instrucións básicas para a resolución de actividades presentadas por escrito.
2. Comprensión da información xeral e específica en diferentes tipos de textos, auténticos e adaptados, breves, en soporte papel e dixital, sobre asuntos familiares, que vehiculen aspectos socioculturais dos países onde se fala a lingua estranxeira en resposta a unha tarefa previamente coñecida.

3. recoñecemento da idea principal dun texto sinxelo, distinguindo os distintos núcleos de información e as relacións lóxicas de cohesión e coherencia establecidas entre eles (conectores textuais e estratexias de progresión do tema)
4. Uso progresivamente autónomo de estratexias de lectura (utilización dos elementos do contexto visual e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación transferidos desde as linguas que se coñecen previamente), identificando a información máis importante, deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas e empregando dicionarios ou tradutores dixitais.
5. Exploración das posibilidades expresivas da lectura de mensaxes nas que a expresividade sexa ingrediente fundamental para a comprensión e goce destas (breves obriñas de teatro, chistes, poemas, cancións, conversas da vida cotiá....)
6. Actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación social e da internet e identificación de valores e ideas subliminais que supoñan calquera tipo de discriminación ou manipulación.
7. Interese pola lectura autónoma de textos en lingua estranxeira para obter información e goce.
8. Lectura e escritura de textos propios de situacións comunicativas habituais de relación social, de medios de comunicación e de textos para aprender e para informarse.
9. Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse por escrito con rapaces e rapazas doutros lugares (chat e correo electrónico) e para aprender costumes e aspectos culturais propios dos países onde se fala a lingua estranxeira (manifestacións artísticas e musicais, danzas, festivais, paisaxe, climatoloxía, patrimonio histórico, comidas, deportes, xogos tradicionais e actividades de lecer.
10. Producción de textos escritos sobre temas de interese elaborados, seguindo as secuencias do proceso de produción (planificación, xeración de ideas, textualización e revisión), tanto de forma individual como cooperativa, (buscando neste caso que o resultado se acade a través da negociación entre o grupo), utilizando as tecnoloxías da información para produción destes.
11. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético.
12. Comprensión de textos de creación propia asociados a distintas situacións de comunicación, progresivamente máis extensos e ricos en léxico e estruturas, seguindo as secuencias do proceso de produción (planificación, xeración de ideas, textualización –organización en parágrafos, e revisión), con diversas intencións comunicativas (contar experiencias, sentimentos, preferencias, regular normas, informar de acontecementos, invitar a actuar con responsabilidade ecolóxica...).
13. Interese por empregar as TIC para producir textos e presentacións coa finalidade de transmitir a outros rapaces e rapazas aspectos relacionados coa nosa identidade cultural (adaptando ou creando poemas, lendas, cancións e describindo lugares do contorno, personaxes da nosa cultura, xogos e festas populares...).

Bloque 3. Coñecementos da lingua

Coñecementos lingüísticos

1. Uso de elementos morfolóxicos (substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, pronomes, preposición, conectores de adición, enumeración, clasificación –*primeiramente*, *finalmente*- comparación e causativos que permitan recoñecer e formular enunciados.
2. Uso progresivamente autónomo de expresións fixas, enunciados fraseolóxicos - preguntas por preferencias, expresión de opinións- e léxico sobre temas de interese persoal (traballos da xuventude, as festas a amizade, as saídas, a compravenda...).
3. Comprensión de palabras cos prefixos e sufixos máis habituais e usos de antónimos.
4. Uso de estruturas lingüísticas e funcións comunicativas asociadas a diferentes contextos propios da idade do alumnado.
5. Uso guiado de esquemas textuais relativos a textos narrativos descritivos e instrucionais.
6. Recoñecemento e produción intelixible de diferentes patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

Reflexión sobre a aprendizaxe

1. Aplicación de diferentes estratexias para organizar, adquirir, recordar e utilizar léxico.
2. Uso de estratexias que permiten a adquisición de novos coñecementos e a súa integración na propia competencia e a súa progresiva reutilización: memorización, recuperación, comparación con outras linguas coñecidas, transferencia.
3. Uso de estratexias para producir mensaxes adecuadamente : repetición por imitación e recoñecemento e uso de modelos da lingua estranxeira.
4. Organización e uso, cada vez máis autónomo, de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta , bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación.
5. Análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante comparación e contraste coas linguas que coñece o alumnado.
6. Participación na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección.
7. Valoración da capacidade persoal para progresar no coñecemento e no uso da lingua.
8. Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
9. Interese para aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
10. Participación activa en actividades e traballos de grupo ou individuais

11. Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita.

Bloque 4. Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

1. Valoración do uso da lingua estranxeira como medio para comunicarse con persoas de procedencias diversas.
2. Identificación dos trazos comúns e das diferenzas máis significativas que existen entre os costumes, usos, actitudes e valores da sociedade da que se estuda a lingua respecto a patróns culturais existentes en Galicia.
3. Iniciación á competencia intercultural mediante a identificación de distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira coas culturas, se é o caso, do alumnado, analizándoos comparativamente, evitando os estereotipos e incidindo nos trazos característicos da cultura galega.
4. Coñecemento dalgúns trazos históricos e xeográficos dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, a internet e outras tecnoloxías da información e comunicación.
5. Interese e iniciativa por comunicarse con falantes ou aprendices da lingua estranxeira utilizando soporte papel ou medios dixitais ou tecnoloxías da comunicación que permiten os intercambios orais e escritos.
6. Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.
7. Interese e iniciativa na comunicación con falantes ou aprendices da lingua estranxeira, utilizando soporte papel, medios dixitais e informáticos.
8. Toma de conciencia da diversidade lingüística e cultural europea e aceptación da propia pertenza á mesma, evitando actitudes etnocéntricas.

8.4. CONTIDOS EN CUARTO DE ESO (2ª LINGUA)

Bloque 1. escoitar e falar

1. Comprensión detallada de textos emitidos dentro da aula relacionados coas actividades habituais, e de textos curtos gravados ou emitidos en soporte multimedia e articulados con claridade e ritmo e acentuación estándar.
2. Obtención de información xeral de textos orais auténticos gravados e en soporte multimedia que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas de conversa habituais nesa idade escolar.
3. Participación activa en situacións reais de comunicación ou simuladas empregando expresións cada vez máis complexas, baseadas en modelos e estruturas lingüísticas coñecidas (para falar da familia, doutras persoas, de actividades diarias, gustos, lugares e obxectos, con estrutura lóxica e con pronunciación intelixible que non impida a comunicación.
4. Participación en conversas espontáneas, relacionadas coas actividades de aula, e en simulacións sinxelas e comúns con todo tipo de interaccións (parellas, grupos, equipos) dentro da aula, narrando historias ou describindo acontecementos, persoas e lugares,

plans e citas, con pronuncia e entoación axeitadas para conseguir a comunicación, e colaborando co seu interlocutor para facilitarlle a comprensión, e utilizando adecuadamente os conectores básicos necesarios para asegurar a cohesión e coherencia do discurso.

5. uso de estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas: colaborando cos demais na interacción, verificando a comprensión propia e a dos demais e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.
6. Consciencia no uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non-verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde, cando) que dan lugar a interferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave.
7. Uso de rutinas ou modelos de información que o destinatario vai recoñecer como narración, descrición ou instrucións.
8. Comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua coa finalidade de facer o texto comprensible a un interlocutor próximo que descoñece a lingua estranxeira.
9. Valoración das linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información, e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes
10. Actitude crítica ante as desigualdades amosadas nas mensaxes procedentes dos diferentes medios de comunicación social, audiovisuais e multimedia.

Bloque 2. ler e escribir.

1. Comprensión de instrucións e indicacións sinxelas e de comentarios sinxelos aos seus traballos escritos.
2. Comprensión da información xeral e específica en diferentes tipos de textos, auténticos en soporte papel e dixital, breves, que conteñan vocabulario frecuente sobre temas cotiáns de interese xeral, que vehiculen aspectos socioculturais dos países onde se fala a lingua estranxeira e relacionados con contidos básicos doutras áreas do currículo.
3. Análise da estrutura, contido, léxico e estruturas sintácticas dun texto para identificar o tipo de que se trata: literario, informativo, científico, etc. Distinguindo os distintos núcleos de información e as relacións lóxicas de cohesión e coherencia establecidas entre eles (conectores textuais e estratexias de progresión do tema)
4. Uso de diferentes estratexias de lectura como identificación do contido dun texto escrito coa axuda de elementos textuais e paratextuais (tipografía, deseño gráfico, imaxes...), uso do contexto, de dicionarios ou aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e por comparación de palabra ou frases similares nas linguas que se coñecen.
5. Lectura autónoma de textos de certa extensión relacionados cos seus intereses superando as limitacións dos coñecementos lingüísticos mediante a utilización de estratexias de comprensión lectora, adecuadas á finalidade da lectura: intensiva, para informarse minuciosamente; selectiva, en busca dunha información específica;

extensiva, lectura rápida dun texto longo; e oceánica, para facerse unha idea global do texto.

6. Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información co fin de realizar tarefas individuais ou en grupo.
7. Produción guiada de textos sinxelos e estruturados, utilizando elementos de cohesión máis complexos (conectores, substitucións léxicas, mantemento de tempo verbal, etc.) para marcar con claridade a relación entre ideas e utilizando adecuadamente a ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.
8. Uso de diversas estratexias de expresión como planificación, atendendo ao destinatario e ao tipo de texto descritivo, narrativo, instrutivo –que corresponda á intención de comunicación; a xeración de ideas mediante creación de listas, esquemas, remuíños de ideas colectivos...; a textualización, organizando as ideas en parágrafos e encadeando estes con marcadores temporais e lóxicos necesarios atendendo ao tipo de texto; localización de recursos como dicionarios; e á revisión do texto, nos aspectos relativos a ortografía, puntuación, orde das palabras e tempos verbais.
9. Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira mediante a correspondencia postal ou utilizando medios informáticos (e-mail, chats, etc.); identificando nestes últimos a ausencia de corrección da gramática, a sintaxe e a ortografía debidos á velocidade e á resposta instintiva que xera a súa inmediatez.
10. Presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital –uso de marxes, espazos entre parágrafos, maiúscula ao inicio de parágrafo, guións nos diálogos- utilizando as regras básicas de ortografía e puntuación e valorando a súa importancia nas comunicacións escritas.
11. Comprensión do sentido dun texto, deverbalización –desligándose da formulación lingüística orixinal- e reexpresión do sentido na propia lingua, explicándoo a un interlocutor próximo, que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.

Bloque 3. Coñecementos da lingua

Coñecementos lingüísticos

1. Uso de elementos morfolóxicos (substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, pronomes, preposición, conectores, ordenantes do discurso (de comezo e de conclusión); de explicación –*é dicir, isto é...*- de resume, causa-efecto, exemplificación e condición que permitan recoñecer, formular e organizar enunciados e mensaxes.
2. Uso de expresións frecuentes e de locucións idiomáticas, frases feitas, circunloquios e léxico sobre temas pertinentes para a súa vida diaria e temas relacionados con contidos doutras materias do currículo.
3. Uso de antónimos, sinónimos e “falsos amigos”, substitución léxica sinxela e formación de palabras a partir de prefixos e sufixos.
4. Uso de estruturas lingüísticas e funcións comunicativas asociadas a diferentes contextos propios da idade do alumnado.

5. Uso de esquemas textuais básicos relativos a textos narrativos descritivos e instrucionais.
6. Recoñecemento e produción intelixible de diferentes patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

Reflexión sobre a aprendizaxe

1. Aplicación de estratexias para organizar, adquirir, recordar e utilizar léxico.
2. Uso autónomo de estratexias que permiten a adquisición de novos coñecementos e a súa integración na propia competencia e a súa reutilización: memorización, percepción de diferenzas e similitudes entre linguas coñecidas, transferencia.
7. Uso de estratexias para producir mensaxes adecuadamente empregando estratexias de combinación : reconstruíndo o significado dunha secuencia ou ampliándoa ou reformulándoa con elementos coñecidos.
8. Organización e uso de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta , bibliotecas ou recursos dixitais e informáticos.
9. Análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante comparación e contraste coas linguas que coñece ou mediante dedución das regras de análise da lingua estranxeira.
10. Participación na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección.
11. Valoración da capacidade persoal para progresar no coñecemento e no uso da lingua.
12. Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
13. Interese para aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
10. Participación activa en actividades e traballos de grupo ou individuais.
11. Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita.

Bloque 4. Aspectos socioculturais e consciencia intercultural

1. Valoración da lingua estranxeira en todos os eidos da comunicación internacional.
2. Identificación das características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores da sociedade da que se estuda a lingua e respecto por patróns culturais distintos aos existentes en Galicia, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, a prensa, a internet e outras tecnoloxías de información e comunicación.
3. Conciencia da propia competencia para axudar, servindo de mediadores entre individuos que non teñan unha lingua común e carezan, por tanto, da capacidade para comunicarse en situacións básicas.

4. Interese e iniciativa por comunicarse con falantes ou aprendices da lingua estranxeira utilizando soporte papel ou medios dixitais ou tecnoloxías da comunicación que permiten os intercambios orais e escritos.
5. Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.
6. Toma de conciencia da diversidade lingüística e cultural europea e aceptación da propia pertenza a esta, evitando actitudes etnocéntricas.

8.1.1. CONTIDOS TRANSVERSAIS EN PRIMEIRO E SEGUNDO DE ESO (2ª LINGUA)

- Respecto polos sentimentos e emocións propios e alleos.
- Educación para a saúde por medio dunha correcta alimentación e o exercicio dalgún deporte.
- Respecto e tolerancia cara ás opinións e actitudes alleas.
- Respecto pola natureza.
- Respecto pola diversidade, de sexo, nacionalidade, raza, orientación relixiosa ou sexual.
- Coñecemento dos costumes dun país distinto do propio.
- Educación vial.

8.1.2 CONTIDOS TRANSVERSAIS EN TERCEIRO E CUARTO DE ESO(2ª LINGUA)

1. Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos
2. Educación para a paz
3. Educación para a saúde e educación sexual
4. Educación moral e cívica
5. Educación ambiental
6. Educación do consumidor

9.- CONTIDOS MÍNIMOS

9.1. CONTIDOS MÍNIMOS EN PRIMEIRO DE ESO (2ª LINGUA)

- Pronunciación intelixible. Boa entoación. Pronunciación correcta das finais.
- Entender un texto sinxelo sobre o vocabulario traballado.
- Ser capaz de participar nunca pequena conversa.
- Escribir pequenas frases con corrección.
- Manter na clase unha actitude correcta. Non entorpecer o traballo dos demais.
- Manifestar interese por aprender e mellorar.
- Realizar as tarefas impostas polo profesor.

9.2. CONTIDOS MÍNIMOS EN SEGUNDO DE ESO (2ª LINGUA)

- Pronunciar con certa corrección. Boa entoación. Ritmo aceptable.
- Entender textos relacionados co vocabulario coñecido.
- Seguir conversacións sinxelas e participar nelas.
- Ser capaz de redactar pequenos textos.
- Contestar por escrito a cuestións sobre un texto.
- Manter na clase unha actitude correcta, sen entorpecer o traballo dos demais compañeiros.
- Manifestar interese por aprender e mellorar.
- Realizar as tarefas impostas polo profesor.

9.3. CONTIDOS MÍNIMOS EN TERCEIRO DE ESO (2ª LINGUA)

- Ser capaz de reproducir de forma minimamente correcta a pronunciación, ritmo e entoación da lingua francesa.
- Entender textos relacionados co vocabulario coñecido.
- Transmitir ós demais información esencial sobre o que se escoitou ou leu.
- Contestar a preguntas escritas sobre un texto.
- Participar en pequenas conversas utilizando o vocabulario estudado.
- Redactar pequenos textos en relación cos temas tratados.
- Manter na aula unha actitude correcta sen entorpecer o traballo dos demais.
- Manifestar interese por aprender e mellorar.
- Realizar as tarefas impostas polo profesor.

9.4. CONTIDOS MÍNIMOS EN CUARTO DE ESO (2ª LINGUA)

- Reproducir de forma minimamente correcta a pronunciación, ritmo e entoación da lingua francesa.
- Ser capaz de entender textos relacionados co vocabulario coñecido.
- Ser capaz de transmitir ós compañeiros información esencial sobre o que se escoitou ou leu e de contestar por escrito a preguntas sobre un texto.
- Participar en conversas utilizando o vocabulario adecuado.
- Redactar textos en relación cos temas tratados e os seus centros de interese.
- Manter unha correcta actitude cara a materia sen entorpecer o traballo dos compañeiros.
- Manifestar interese por aprender e mellorar.
- Realizar as tarefas impostas polo profesor.

10.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Todo profesor sabe por experiencia que non hai dous estudantes iguais e que, mesmo se o curso comezou cunha clase de principiantes, a diversidade das personalidades e maneiras de aprender de cada alumno cedo producen diferenzas palpables no grupo-clase. Isto é no fondo o que fai a riqueza e o interese da ensinanza a grupos. Sen embargo, o feito de que as clases estean actualmente compostas por un número cada vez maior de alumnos de diversas linguas e nacionalidades, como en Francia, e de que a secundaria obrigatoria reciba a todos os alumnos, esixe un tratamento moito máis polo miúdo da diversidade. No terceiro ano, e con falsos principiantes, a diversidade acentúase, pois a miúdo incorpóranse ao segundo ciclo alumnos que presentan, con respecto aos demais e en relación coa lingua estranxeira, un nivel e uns costumes moi diferentes. Resulta por tanto imprescindible que os profesores dispoñan de ferramentas realmente útiles e eficaces para facer fronte a estas clases tan atípicas en comparación coas décadas anteriores.

- O ensinante deberá propor un traballo específico a cada caso e unha reflexión en profundidade sobre o tema, co obxectivo de que a diversidade se converta nunha riqueza onde converxan os diferentes niveis, e non nunha situación que fomente a división entre niveis cada vez máis diverxentes. Trátase de motivar ao alumno a aceptar as diferenzas entre as persoas, os países, as culturas; entre os acentos, pero tamén as maneiras de aprender. Trátase de que o alumno medre coñecendo aos outros e, por tanto, coñecéndose a si mesmo.

- As propostas feitas para tratar a diversidade en clase non implicaran o engadido de exercicios suplementarios alleos aos que ofrece o Libro, senón un traballo de varios grupos en paralelo sobre determinadas actividades partindo de fichas que propoñen estratexias diferentes, máis ou menos complexas e é o profesor quen decide o seu uso ou non, segundo as circunstancias.

En todo momento, o profesor pode facer ver aos alumnos en que se complementan os niveis en lugar de se opoñer, e acadar que as diversidades entre niveis e aptitudes se convertan en instrumentos de reflexión para « aprender a aprender ».

- Á parte destes exercicios específicos, farase un tratamento natural e constante da diversidade a través das actividades de expresión oral ou escrita, libre ou semilibre en grupos e subgrupos dentro da clase, pero tamén fóra dela: correspondencia por correo electrónico e traballo no caderno individual.

- Ademais de ferramentas axeitadas para facilitar o traballo colectivo diferenciado en clase, en grupos de diferente sensibilidade ou nivel, empregárase material específico para poida axudar a cada alumno, individualmente, a que desenvolva o seu propio potencial, reforce as súas capacidades e coñecementos e, no seu caso compense supostas carencias: a tal fin utilizaranse fichas fotocopiables e, se é o caso, o Portfolio.

ALUMNOS CON PEQUENOS PROBLEMAS DE APRENDIZAXE E /OU PROBLEMAS DE CONDUCTA

Para alumnos de este tipo podemos realizar adaptacións curriculares non significativas, que se centrarán en:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe
- Metodoloxía máis personalizada
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe

- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
- Aumentar a atención orientadora

ALUMNOS CON DIFICULTADES GRAVES DE APRENDIZAXE

Nalgúns casos bastará con adaptacións non significativas de contidos e con ofrecerlles materiais de reforzo.

No caso de alumnos con NEE anteporanse as competencias básicas, buscando a integración social, ante a imposibilidade de lograr un progreso suficiente en contidos conceptuais. Estas adaptacións serán significativas (suporán a eliminación de contidos, obxectivos e os seguintes criterios de avaliación referidos a aprendizaxes que poden considerarse básicos ou nucleares).

Neste punto, intentamos aplicar os contidos do Real Decreto no referente ao tema da diversidade (Artigo 12, Atención á diversidade, punto 1): “A educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e os obxectivos da Educación secundaria obrigatoria, e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar eses obxectivos e a titulación correspondente.”

11.-A AVALIACIÓN

A avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos será continua e formativa. Farase, tamén, unha avaliación inicial dos coñecementos dos alumnos, pois algúns deles xa estudaron francés noutro momento da súa vida, e é conveniente para o profesor coñecer os diferentes niveis para poder diversificar correctamente a súa tarefa.

A forma de obter a nota académica é a a partir dunha avaliación sumativa con un exame por avaliación (ademais dos controis que se fagan para avaliar os coñecementos nun momento determinado).

Na nota final resultante en cada avaliación terase en conta a **actitude** do alumno cara ao profesor, aos seus compañeiros. Avaliarase tamén o interese manifestado na aprendizaxe e a realización puntual e coidada das tarefas encomendadas polo profesor, xa sexa na casa (*Cahier d'exercices*) ou na propia aula (*participación activa do alumno/a, pronunciación, vontade de colaborar etc.*). A avaliación destes aspectos non superará nunca o 50% da nota final da avaliación.

Os mesmos alumnos deberán realizar unha autoavaliación e avaliarán aos seus compañeiros empregando **test de autoavaliación** e “*bilans*” que lles facilitará o profesor.

Ao longo do curso, grazas ás intervencións na clase por parte dos alumnos, e tamén cos resultados específicos recollidos nas probas de avaliación, o profesor realizará unha autoavaliación da marcha da clase, observando e anotando os aspectos positivos ou negativos, e elaborando unha autocrítica que lle permitirá mellorar a súa tarefa docente.

11.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN PRIMEIRO DE ESO (2ª LINGUA)

1. Comprender a idea xeral e as informacións específicas máis relevantes de textos orais emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre asuntos cotiáns, se fala amodo e con claridade.
2. Comunicarse oralmente participando en conversas e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente, empregando as estratexias axeitadas para facilitar a continuidade da comunicación e producindo un discurso comprensible e axeitado á intención de comunicación.
3. Recoñecer a idea xeral e extraer información específica de textos escritos axeitados á idade, co apoio de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con algunhas materias do currículo.
4. Redactar textos breves en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico axeitados, así como algúns elementos básicos de cohesión, partindo de modelos, e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación.
5. Utilizar o coñecemento dalgúns aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía), en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autoaprendizaxe e de auto-corrección das producións propias, e para comprender mellor as alleas.
6. Identificar, utilizar e poñer exemplos dalgúns estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe.
7. Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información, producir mensaxes a partir de modelos e para establecer relacións persoais, amosando interese polo seu uso.
8. Identificar algúns elementos culturais ou xeográficos propios dos países e culturas onde se fala a lingua estranxeira e amosar interese por coñecelos.

11.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN SEGUNDO DE ESO (2ª LINGUA)

1. Comprender a idea xeral e informacións específicas de textos orais emitidos por un interlocutor, ou procedentes de distintos medios de comunicación, sobre temas coñecidos.
2. Participar con progresiva autonomía en conversas e simulacións relativas ás experiencias persoais, plans e proxectos, empregando estruturas sinxelas, as expresións máis usuais de relación social, e unha pronuncia axeitada para lograr a comunicación.
3. Comprender a información xeral e a específica de diferentes textos escritos, adaptados e auténticos, de extensión variada, e axeitados á idade, demostrando a comprensión a través dunha actividade específica.

4. Redactar de forma guiada textos diversos en diferentes soportes, utilizando estruturas, conectores sinxelos e léxico axeitados, coidando os aspectos formais e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación para que sexan comprensibles ao lector e presenten unha corrección aceptable.
5. Utilizar os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira, en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autoaprendizaxe e de autocorrección das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.
6. Identificar, utilizar e explicar oralmente algunhas estratexias básicas utilizadas para progresar en o aprendizaxe.
7. Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información, producir textos a partir de modelos e para establecer relacións persoais amosando interese polo seu uso.
8. Identificar e poñer exemplos dalgúns aspectos sociais, culturais, históricos, xeográficos ou literarios propios dos países onde se fala a lingua estranxeira e amosar interese por coñecelos.

11.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN TERCEIRO DE ESO (2ª LINGUA)

1. Comprender a información xeral e específica, a idea principal e algúns detalles relevantes de textos orais sobre temas concretos e coñecidos, e de mensaxes sinxelas emitidas con claridade por medios audiovisuais.
2. Participar en conversas e simulacións breves, relativas a situacións habituais ou de interese persoal e con diversas finalidades comunicativas, empregando as convencións propias da conversación e as estratexias necesarias para resolver as dificultades durante a interacción.
3. Comprender a información xeral e todos os datos relevantes de textos escritos auténticos e adaptados, de extensión variada diferenciando feitos e opinións e identificando no seu caso, a intención comunicativa do autor.
4. Redactar de forma guiada textos diversos en diferentes soportes, coidando o léxico, as estruturas, e algúns elementos de cohesión e coherencia para marcar a relación entre ideas e facelos comprensibles ao lector.
5. Utilizar de forma consciente en contextos de comunicación variados, os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira como instrumento de autocorrección e autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.
6. Identificar, utilizar e explicar oralmente diferentes estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe.
7. Usar as tecnoloxías da información e a comunicación de forma progresivamente autónoma para buscar información, producir textos partindo de modelos, enviar e

recibir mensaxes de correo electrónico, e para establecer relacións persoais orais e escritas, amosando interese polo seu uso.

8. Identificar os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, sinalar as características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda, e amosar unha valoración positiva de patróns culturais distintos aos propios.

11.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN CUARTO DE ESO (2ª LINGUA)

1. Comprender a información xeral e específica, a idea principal e os detalles máis relevantes de textos orais emitidos en situacións de comunicación interpersoal ou polos medios audiovisuais, sobre temas que non esixan coñecementos especializados.
2. Participar en conversacións e simulacións utilizando estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado as características da situación e a intención comunicativa.
3. Comprender a información xeral e específica de diversos textos escritos auténticos e adaptados, e de extensión variada, identificando datos, opinións, argumentos, informacións implícitas e intención comunicativa do autor.
4. Redactar con certa autonomía textos diversos con unha estrutura lóxica, utilizando as convencións básicas propias de cada xénero, o léxico apropiado ao contexto e os elementos necesarios de cohesión e coherencia, de maneira que sexan doadamente comprensibles para o lector.
5. Utilizar conscientemente os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de auto-corrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.
6. Identificar, utilizar e explicar estratexias de aprendizaxe empregadas, poñer exemplos de outras posibles e decidir sobre as máis adecuadas ao obxectivo de aprendizaxe.
7. Usar as tecnoloxías da información e a comunicación con certa autonomía para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer as relacións persoais, a través da lingua oral ou da escrita, mostrando interese polo seu uso.
8. Identificar e describir os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira e establecer algunhas relacións entre as características máis significativas dos costumes, usos, actitudes e valores da sociedade da que se estuda a lingua e a propia e mostrar respecto cara aos mesmos.

(Real Decreto, Criterios de evaluación)

12 . - TEMPORALIZACIÓN

1ª avaliación

Os obxectivos programados para o primeiro trimestre son:

Primeiro curso da ESO, 2ª lingua estranxeira : module de sensibilisation, module 1 e module 2 de Énergie 1 e caderno de exercicios.

Segundo curso da ESO 2ª lingua estranxeira: module de sensibilisation, module 1 e module 2 de Énergie 2 e caderno de exercicios.

Terceiro curso da ESO 2ª lingua estranxeira: repaso dos contidos do segundo curso

Cuarto curso da ESO 2ª lingua estranxeira: module 2 e module 3 de Energie 3 e caderno de exercicios

2ª avaliación

Os obxectivos programados para o segundo trimestre son:

Primeiro curso da ESO, 2ª lingua estranxeira: module 3 e module 4 de Énergie 1 e caderno de exercicios.

Segundo curso da ESO 2ª lingua estranxeira: module 3 e module 4 de Énergie 2 e caderno de exercicios.

Terceiro curso da ESO 2ª lingua estranxeira: module de sensibilisation, module 1, module 2 de Énergie 3 e caderno de exercicios.

Cuarto curso da ESO 2ª lingua estranxeira: modules 4 e 5 de Énergie 3 e caderno de exercicios

3ª avaliación

Os obxectivos programados para o terceiro trimestre son:

Primeiro curso da ESO, 2ª lingua estranxeira: : module 5 e module 6 de Énergie 1 e caderno de exercicios.

Segundo curso da ESO 2ª lingua estranxeira: module 5 e module 6 de Énergie 2 e caderno de exercicios.

Terceiro curso da ESO 2ª lingua estranxeira: modules 4 e 5 de Énergie 3 e do caderno de exercicios

Cuarto curso da ESO 2ª lingua estranxeira: module 6 de Énergie 3 e do caderno de exercicios e algúns contidos máis relevante dos modules 1 e 2 de Énergie 4 e do caderno de exercicios .

13.-A INTERDISCIPLINARIEDADE

Xunto cos temas transversais, a interdisciplinariade serve para fomentar e poñer de manifesto a relación que existe, non só no contexto escolar, senón tamén na vida cotiá, entre tódolos coñecementos que unha persoa va adquirindo ó longo do tempo. É xa que logo outro aspecto importante de todo proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Algún exemplos que se lle vai conceder a este aspecto son os seguintes: historia (personaxes celebres), matemáticas (cálculos, problemas), xeografía (mapa de Francia, países e capitais), estudio do medio (o medio ambiente, os animais), lingua (préstamos lingüísticos, encrucillados), música e artes plásticas (cancións, debuxos, collages), literatura (cómic, poemas, textos sinxelos).

14.-ALUMNOS PENDENTES

No deseño das programacións específicas débese atender de maneira explícita as necesidades de motivación dos alumnos repetidores de cursos anteriores. Deste modo, establécese como criterio xeral o procurar establecer, onde sexa posible (prácticas, lecturas, ...) variacións significativas na oferta de actividades e metodoloxía, de modo que os alumnos repetidores experimenten certo grao de motivación na oferta educativa, buscando evitar o seu desvencellamento do proceso de ensinanza- aprendizaxe.

Obxectivo que se persegue

- Que os alumnos repetidores adquiran os coñecementos mínimos para aprobar a materia de lingua estranxeira ou que se integren na marcha normal do curso.

O departamento de orientación e a xefatura de estudos informarán ós profesores, a través dos titores, da situación particular daqueles alumnos que repiten debido a problemáticas especiais (familiares ou de saúde). Tamén informará sobre aqueles alumnos que deben integrarse nas actuacións dependentes do departamento de orientación, tales como adaptacións curriculares, apoio individual, flexibilizar a programación....

Nos primeiros días do curso farase unha avaliación inicial das distintas competencias que se traballaron no curso anterior para valorar cales deben ser reforzadas ou abordadas como novos obxectivos.

Metodoloxía

- O papel fundamental da competencia comunicativa na ensinanza de linguas estranxeiras está presente no material curricular que se emprega. Este material favorece unha metodoloxía global: un aspecto clave da aprendizaxe e uso dunha lingua é o desenrolo integrado de linguaxe, destrezas e contidos.
-
- Realizarase unha proba inicial ó empezar cada unidade didáctica para determinar o nivel de profundidade adquirido no curso anterior en canto os contidos programados.
- A partir dos resultados farase unha selección de recursos e estratexias metodolóxicas.

- A metodoloxía empregada será activa, aberta, buscando motivar ós alumnos para que se interesen pola materia e vexan os progresos a corto e longo prazo.
- Atenderase a necesidade de integración na aula dos alumnos repetidores para evitar situacións de rexeitamento.
- Prestarase unha atención individualizada a aqueles alumnos que presenten maiores dificultades de aprendizaxe.
- material curricular empregado ofrece unha serie de actividades para reforzar ou ampliar os contidos, adaptado ás necesidades do alumno en concreto.

Este material tamén facilita o traballo cooperativo polo tanto naqueles momentos en que os coñecementos dos alumnos repetidores o permitan, estes actuarán como elemento dinamizador do grupo. Deste xeito toman conciencia do aprendido no curso anterior e trabállase a competencia social , a autonomía e iniciativa persoal.

Avaliación

Será continua, tendo en conta o traballo, a actitude e as probas obxectivas que se realicen .

15.-ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Os alumnos de 3º e 4º de ESO asistirán á representación teatral “Le Médecin malgré lui” de Molière o día 26 de xaneiro 2010 ás 10h00 no colexio La Salle, en Santiago.

Propoñemos unha viaxe didáctico-cultural a París na semana anterior ás vacacións de Semana Santa que se organizará en colaboración con outro centro para poder formar un grupo de uns 30 alumnos e dese xeito abaratar custos.

16.-FOMENTO DA LECTURA

Como ben se di no plan de fomento da lectura, elaborado polo Ministerio de Cultura,

“a lectura é unha ferramenta fundamental no desenvolvemento da personalidade e da socialización; como elemento esencial para convivir en democracia”.

Toda a sociedade, en xeral, e os profesores, en particular, debemos formar na habilidade de ler e contribuír a fomentar a lectura xa que consideramos que esta, como instrumento de aprendizaxe, é o eixo común de tódalas materias e o mellor medio para seguir aprendendo despois da escolaridade. Por todo isto, dedúcese que non debe ser un obxectivo exclusivo de lingua e tódolos Departamentos e tódalas materias deben consideralo un obxectivo propio.

Dende o Departamento de Francés, intentamos potenciar este hábito de distintas formas:

-Nos tres primeiros cursos da ESO só temos dúas horas semanais debido a este horario tan restritivo non nos queda mais remedio que cinguirnos, case exclusivamente, as lecturas

propostas no “Module 4” dos diferentes métodos, en xeral resultan moi adaptadas e soen coincidir cos intereses dos alumnos e alumnas polo que lles resultan interesantes.

Se o profesor o considera apropiado e o desenvolvemento do currículo propio da materia llo permite, pode seleccionar outro tipo de textos en distintos soportes e formatos para motivar aos rapaces e interesalos animándoos a que acaden unha certa autonomía e o ideal sería que se sentiran interesados a seguir lendo pola súa conta.

Hai que deixar claro que a lingua base ten que ser sempre o francés e que se pode utilizar o galego e o castelán sempre como referentes.

En 4º curso de ESO, temos tres horas semanais e hai unha marxe mais ampla, pero as lecturas deberán tamén ser en francés.

Deixar claro, que no Departamento, e iso non é exclusivo deste ano, sempre se dedicou un tempo a lectura.

Tamén se len abundantes textos de xeito diferente: lectura individual silenciosa, lectura colectiva en voz alta, por parte dos alumnos ou da profesora...

O soporte máis usual é o texto impreso, pero, dependendo da dispoñibilidade das aulas de ordenadores, tamén pode ser internet.

17.-INTEGRACIÓN DAS TIC

Curso	Actividade	Espazo
Todos 3º, 4º	<ul style="list-style-type: none"> • Uso de páxinas web específicas para a aprendizaxe da lingua francesa e a súa utilización didáctica (realización de exercicios interactivos de gramática). • Realización de traballos de investigación documental sobre temas de cultura e civilización francófona: presentación en documentos Word ou en Power Point. • Explotación didáctica de cancións en francés. • Películas en V.O.S. con exercicios de comprensión oral e escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ◦ Biblioteca/ Aula de informática ◦ Biblioteca/ Aula de informática.
Todos		◦ Canón+ portátil na Aula
Todos		◦ Biblioteca/Aula de Idiomas/Aula con portátil e canón.
4º	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura da prensa dixital francesa: selección de noticias e actividades de comprensión/expresión escrita. • Radio/ televisión on line para traballar a comprensión oral: noticias, o tempo,... 	◦ Biblioteca/ Aula de informática.
Todos os alumnos de francés	• Faremos uso da Aula Virtual para a creación de cursos cunha selección de exercicios e tarefas para complementar os contidos traballados na aula.	◦ Calquera punto con conexión a internet.
Todos	• Uso do encerado dixital para a explicación de contidos e realización de exercicios.	◦ Aula específica.

18.-CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

A avaliación da programación deberá incluír os seguintes elementos:

- a. Adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- b. As aprendizaxes logradas polo alumnado.
- c. As medidas de atención aos alumnos con necesidades educativas especiais.

Unha vez por trimestre, rematadas as avaliacións do proceso de aprendizaxe, o departamento procederá á valoración da programación con respecto aos resultados obtidos e se tomará nota dos cambios que se terán que facer na programación do curso lectivo seguinte.

Procedementos de valoración: na reunión semanal, os membros do departamento, en función da observación das dinámicas dos grupos e dos resultados que se van acadando ao longo do trimestre:

Deste xeito na escala de observación para determinar a conveniencia ou non da programación valoraranse os seguintes aspectos:

- a. Os contidos foron relevantes e significativos
- b. A distribución temporal das unidades didácticas foi satisfactoria
- c. As actividades de aprendizaxe responden aos obxectivos propostos.
- d. A metodoloxía foi activa e participativa.
- e. Se fixeron actividades diversificadas de acordo coas necesidades do alumnado.
- f. Fíxose unha avaliación continua.
- g. Contempláronse os procedementos e actitudes.
- h. Como consecuencia da avaliación, se modificou a práctica docente de ser necesario.
- i. O alumnado tivo coñecemento dos mínimos esixibles e dos criterios de avaliación.
- j. Empregáronse todos os medios necesarios para a recuperación.
- k. Fíxose unha coavaliación (profesor/alumnos)
- l. Desenvolvéronse todos os temas transversais programados.
- m. Realizáronse todas as actividades complementarias acordadas.